CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A REHABILITACIÓN DE CONSTRUCIÓNS NO LUGAR DE FONDODEVILA PARA DESTINALAS A VIVENDAS PARA RESIDENTES NO CONCELLO DE PARADA DE SIL (OURENSE)

Índice 1 GAL

CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A REHABILITACIÓN DE CONSTRUCIÓNS NO LUGAR DE FONDODEVILA PARA DESTINALAS A VIVENDAS PARA RESIDENTES NO CONCELLO DE PARADA DE SIL (OURENSE).

PRIMEIRA PARTE.- PREGO DE BASES (CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS)

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTO E EMPLAZAMENTO DO CONCURSO
3. RÉXIME XURÍDICO DO CONCURSO E RÉXIME ECONÓMICO-PRESUPOSTARIO
4. ORGANIZACIÓN DO CONCURSO. SECRETARÍA
5. DESTINATARIOS DO CONCURSO: CONDICIÓNS DE APTITUDE E CAPACIDADE REQUISITOS DE SOLVENCIA
6. INSCRICIÓN, INFORMACIÓN E CONSULTAS
7. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLOS CONCURSANTES
8. DESENROLO E PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS
9. XURADO: COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO
10. CRITERIOS DE VALORACIÓN
11. PREMIOS
12. RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE PREMIOS E DO CONTRATO DE SERVIIZOS
13. COMPROBACIÓN DOS REQUISITOS DE APTITUDE E CAPACIDADE E DE SOLVENCIA
14. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO
15. DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL.
16. PROTECCIÓN DE DATOS
17. SUSPENSIÓN DO CONCURSO
18. RESOLUCIÓN E DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS
19. EXPOSICIÓN
20. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E TRIBUNAIS COMPETENTES

SEGUNDA PARTE.- PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTO E EMPRAZAMENTO DO CONCURSO
3. PROGRAMA DE NECESIDADES
4. PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL
5. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA
6. CONTIDO DO PROXECTO QUE SE ENCARGARÁ Ó GAÑADOR
7. CONDICIÓNS DO CONTRATO
8. OBLIGACIÓNS
9. FACULTAD DE INSPECCIÓN
10. SUPERVISIÓN DA CORRECTA EXECUCIÓN DO CONTRATO

ANEXOS

ANEXO 1.: PROPOSTA DE TECNICO PARA FORMAR PARTE DO XURADO
ANEXO 2.1.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 2.2.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA SOCIEDADES
ANEXO 2.3.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA EQUIPOS MIXTOS DE SOCIEDADES E PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 3: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON EXISTENCIA DE INCOMPATIBILIDADE NIN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR
ANEXO 4: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMEENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA (CONDICIÓNS DE TITULACIÓN)
ANEXO 5: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMIENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIEIRA.
ANEXO 6: COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (U.T.E.)
ANEXO 7: RECIBO DE ENTREGA

CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A REHABILITACIÓN DE CONSTRUCIÓNS NO LUGAR DE FONDODEVILA PARA DESTINALAS A VIVENDAS PARA RESIDENTES NO CONCELLO DE PARADA DE SIL (OURENSE)

Primeira Parte.- Prego de Bases (condiciones administrativas) 3 a 20 cas

PRIMERA PARTE.- PLIEGO DE BASES (CONDICIONES ADMINISTRATIVAS)

1. ANTECEDENTES
2. OBJETO Y EMPLAZAMIENTO DEL CONCURSO
3. RÉGIMEN JURÍDICO DEL CONCURSO Y RÉGIMEN ECONÓMICO-PRESUPUESTARIO
4. ORGANIZACIÓN DEL CONCURSO. SECRETARÍA
5. DESTINATARIOS DEL CONCURSO: CONDICIONES DE APTITUD Y CAPACIDAD Y REQUISITOS DE SOLVENCIA
6. INSCRIPCIÓN, INFORMACIÓN Y CONSULTAS
7. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POR LOS CONCURSANTES
8. DESARROLLO Y PRESENTACIÓN DE PROPUESTAS
9. JURADO: COMPOSICIÓN Y FUNCIONAMIENTO
10. CRITERIOS DE VALORACIÓN
11. PREMIOS
12. RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DE PREMIOS Y DEL CONTRATO DE SERVICIOS
13. COMPROBACIÓN DE LOS REQUISITOS DE APTITUD Y CAPACIDAD Y DE SOLVENCIA
14. CONDICIONES DE EJECUCIÓN DEL CONTRATO
15. DERECHOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL.
16. PROTECCIÓN DE DATOS
17. SUSPENSIÓN DEL CONCURSO
18. RESOLUCIÓN Y DEVOLUCIÓN DE LOS TRABAJOS
19. EXPOSICIÓN
20. PRERROGATIVAS DE LA ADMINISTRACIÓN Y TRIBUNALES COMPETENTES

01. ANTECEDENTES

O Concello de Parada de Sil, convoca o presente concurso co fin de fixar poboación no seu termino municipal, promover e impulsar a rehabilitación do seu parque de edificacións tradicionais, propiciar a actividade económica na zona, así como impulsar a realización de propostas innovadoras que supoñan a reactivación e posta en valor deste pequeno municipio da Ribeira Sacra ourensá.

O Concello de Parada de Sil, como organismo convocante deste concurso, optou por licitar mediante procedemento de concurso de proxectos, a nivel de anteproxectos, con intervención de xurado, pois considera que é o máis adecuado para obter a mellor solución posible, tanto arquitectónica como técnica, ó programa solicitado e ás particulares circunstancias do ámbito urbanístico delimitado.

A tal efecto subscribiu un Convenio de Colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG), para a Convocatoria dun Concurso de Anteproxectos e cóntase co apoio da Oficina de Concursos do mesmo as súas tarefas organizativas.

02. OBXECTO E EMPRAZAMENTO DO CONCURSO

O obxecto do presente concurso é seleccionar a mellor proposta arquitectónica para a rehabilitación de varias construcións tradicionais, co fin de habilitar a construción de, polo menos, catro vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil, así como para o acondicionamento do seu entorno inmediato, que comprende aproximadamente unha superficie de 584,12 m2 que sirva de base para a adxudicación do contrato de servizos de redacción del proxecto básico e de execución, a dirección das obras e a coordinación da seguridade e saúde da actuación prevista.

O entorno onde se empraza a actuación, trátase de un pequeno núcleo rural de Fondodevila, que ten gran parte de edificacións en ruínas e outras restauradas e habitadas recentemente en boas condicións de habitabilidade.

A delimitación do ámbito de actuación, consta reflectido na documentación gráfica do concurso.

Establécese un reducido número de condicionantes e limitacións nas bases e pregos deste concurso para dar aos participantes a maior liberdade posible, co obxecto de facilitar durante o concurso a libre expresión de formulacións arquitectónicas e urbanísticas orixinais, e solucións programáticas e construtivas acordes a este tipo de intervencións, sempre no marco da maior eficiencia na utilización nos recursos dispoñibles para elo.

03. RÉXIME XURÍDICO DO CONCURSO E RÉXIME ECONÓMICO-PRESUPOSTARIO.

03.1. RÉXIME XURÍDICO

O presente concurso de proxectos con intervención de Xurado, organízase no marco do procedemento de adxudicación do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras para a rehabilitación de ó menos catro vivendas no municipio de Parada de Sil, en virtude do previsto no artigo 184.2 a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).

Desenvolverase por procedemento aberto, nunha única fase a nivel de anteproxecto.

A entidade convocante é o Concello de Parada de Sil. O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

O concurso de proxectos e o contrato que se adxudique rexerase polas cláusulas contidas neste prego, así como polo prego das prescricións técnicas aplicables. Para o non previsto nestas Bases, rexerase polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en especial o disposto nos seus artigos 184 a 188, a regulación relativa aos contratos de servizos, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, así como o disposto no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 (en adiante RGLCAP) na parte que non se opoña aos anteriores e demais disposicións que regulan a contratación do sector público; así como pola Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

Recursos: As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste concurso serán resoltas, previa audiencia do contratista, polo órgano de contratación, os cales acordos porán fin á vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados podan interpor recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto no Capítulo II da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Serán susceptibles de recurso de reposición con carácter potestativo os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer o concurso, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

03.2. CONTÍA:

A contía do concurso calcúlase aplicando a regra contida no artigo 184.4 TRLCSP que dispón que: *"A contía dos concursos de proxectos calcularase aplicando as seguintes regras aos supostos previstos no apartado 2 deste artigo: no caso da letra a), terase en conta o valor estimado do contrato de servizos e as eventuais primas de participación ou pagos aos participantes; (…)".*

En consecuencia a contía deste procedemento ascende á cantidade de TRINTA e DOUS MIL EUROS SEN IVA (32.000 EUROS SEN IVA).

Os conceptos que conforman a contía deste procedemento de contratación son as seguintes:

- Valor estimado do contrato de servizos de redacción de proxecto básico e de execución, dirección de obra que se adxudica ó gañador: TRINTA MIL EUROS IVA NON INCLUIDO (30.000 € IVA NON INCLUIDO) aos que hai que engadir SEIS MIL TRESCENTOS EUROS EN CONCEPTO DE IVA (6.300 € correspondentes ó 21% de IVA):

    - 20.000 € máis o 21% de IVA (4.200 € de IVA) correspondentes á redacción do proxecto básico e de execución (incluído o estudio de seguridade e saúde)
    - 10.000 € máis o 21% de IVA (2.100 € de IVA) correspondentes á dirección de obra de arquitecto
- Valor estimado dos premios do concurso de proxectos (pagos aos participantes):

- Ó gañador e adxudicatario faráselle entrega de 6.000 € máis o 21% de IVA, en concepto de entrega a conta dos honorarios da redacción do proxecto básico e de execución que se detraerán da partida orzamentaria de 30.000 € máis o IVA correspondente ao contrato de servizos.
- Dous accésits de 1.000 € cada un.

Aplicación orzamentaria: As obrigacións económicas que se derivan do presente concurso de proxectos así como do contrato que se adxudica serán atendidas con cargo ao presuposto municipal de 2017.

O presente procedemento tramítase como expediente anticipado de gasto ao amparo do previsto no art. 110.2 do TRLCP, en virtude do cal os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte podendo comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias. Non obstante, o concello de Parada de Sil asume o compromiso inescusable de consignar partida orzamentaria suficiente no presuposto municipal de 2017 e durante todo o período contractual. Se finalmente, por calquera continxencia o concello de Parada de Sil carecera dos fondos necesarios para financiar o contrato que se adxudica, procederá, en todo caso, ao pago dos premios ao gañador e aos dous accésits nas contías sinaladas anteriormente (6.000 € máis o IVA correspondente ao anteproxecto gañador e 1.000 € a cada un dos dous accésits) asumindo o compromiso de volver a contratar ao gañador, polo procedemento negociado sen publicidade, para a redacción do proxecto básico e de execución e a dirección de obra no momento no que o concello conte cos fondos necesarios para financiar o contrato e proseguir coa actuación.

04. ORGANIZACIÓN DO CONCURSO - SECRETARÍA

O presente Concurso, está convocado polo Concello de Parada de Sil, coa colaboración técnica do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a través da súa oficina de concursos, segundo acordo de colaboración subscrito ao efecto. A convocatoria do presente concurso publicarase no BOP, o DOGA así como no perfil do contratante do concello.

Así mesmo, a información do concurso publicarase na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como entidade colaboradora, a efectos da súa difusión e onde se poderán obter igualmente os pregos e demais documentación do presente concurso: http://portal.coag.es/

A correspondencia referida a este concurso manterase coa Secretaría do Concello de Parada de Sil, os datos da cal son os seguintes:

- Dirección: Praza do Campo da Feira, nº1. 32740 Parada de Sil (Ourense)
- Teléfono: 988208010
- Email: concello@paradadesil.es aos efectos de anunciar o envío de propostas por correo ou mensaxeria, no seu caso.
- Web: http://www.paradadesil.es/
- Email para a realización de consultas polo concursante: concursoparadadesil2016@coag.es, durante o prazo previsto na cláusula 6.

05. DESTINATARIOS DO CONCURSO. CONDICIÓNS DE APTITUDE E CAPACIDADE REQUISITOS DE SOLVENCIA.

Poderán concorrer ao presente concurso:

- As persoas naturais (físicas) individuais ou formando equipos, que poden ser multidisciplinares, españois ou non, que se encontren facultados legalmente para exercer a profesión de Arquitecto no territorio español, que teñan plena capacidade de obrar e non se encontren incursos nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración segundo a normativa vixente. Considéranse titulados facultados legalmente para exercer en territorio español a aqueles que estean en posesión do título correspondente, ben español, ben legalmente recoñecible (títulos da Unión Europea) ou homologado ao español. No caso dos equipos ao menos un dos seus integrantes debe posuir a titulación profesional de arquitecto e deberá designarse un director con dita titulación que actuará, como autor responsable do anteproxecto o do proxecto de edificación e representante do mesmo a todos os efectos ante a organización do concurso.

- Contémplase tamén a participación, nas mesmas condicións, de persoas xurídicas que os seus fins sociais correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director o equipo ou encargado de dirixir os traballos sexa un arquitecto, facultado legalmente para exercer a profesión en territorio español que figurará como autor responsable do anteproxecto e do proxecto de edificación a todos os efectos do concurso.

Cada participante só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ou como colaborador, e só poderá presentar unha única proposta, sendo o incumprimento deste punto motivo de descualificación de todas as propostas nas que participe.

Non poderán participar no concurso como titulares ou, como membros de equipos, persoas comprendidas nos seguintes supostos:

- Os membros do xurado.
- Quen teña cos anteriores parentesco dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade.
- Quen se encontre asociado ou manteña relacións de servizo ou colaboración profesional permanente e actual cos membros do xurado.
- Quen se encontre en situación de incompatibilidade profesional ou legal respecto do traballo obxecto do mesmo, nin quen se atope en causa de incompatibilidade de contratar co Concello de Parada de Sil xa sexa por ser persoal ao servizo do Concello ou por calquera outra circunstancia que legal ou deontolóxicamente o incompatibilice.
- Quen incorra en algunha das causas de prohibición de contratar previstas no artigo 60 TRLCSP.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

A solvencia técnica acreditarase mediante as titulacións académicas e profesionais dos proxectistas e a inscrición nos colexios profesionais correspondentes cando sexa esixible.

A solvencia económica e financeira acreditarase mediante xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato de servizos de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra.

Non obstante, para a presentación ao concurso para a acreditación dos requisitos de solvencia será suficiente a declaración responsable no caso da solvencia técnica, para o caso da solvencia económica a declaración responsable de posuir o seguro ou compromiso de subscrición para o caso de resultar gañador e adxudicatario do contrato, en virtude do previsto no artigo 146.4 do TRLCSP.

A xustificación acreditativa de tales requisitos de solvencia deberá presentarse, no seu caso, polo gañador do concurso a favor do cal se vai adxudicar o contrato de servizos e antes da adxudicación.

06. INSCRICIÓN, INFORMACIÓN E CONSULTAS

Non será necesaria inscrición previa, a mera presentación da documentación establecida na cláusula 07 bastará para presentarse ao concurso.

A documentación que se facilitará aos concursantes conterá, ademais do presente prego de condicións administrativas, os anexos para inscrición e identificación de concursantes, un prego de condicións técnicas e a información gráfica e legal relacionada en dito prego.

A documentación completa do concurso encontrarase na páxina Web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como entidade colaboradora e no perfil de contratante do Concello de Parada de Sil desde o momento da súa convocatoria, e poderá ser consultada libremente por calquera interesado.

Ata vinte días naturais antes do remate do prazo de presentación de propostas, poderanse realizar consultas, sempre por escrito dirixidas ao correo electrónico especificamente identificado para a formulación de consultas que figura na cláusula 4. A relación completa e anónima das consultas e aclaracións realizadas serán publicadas na páxina Web do COAG e na do concello.

A lista de preguntas e respostas, xunto coas bases completas, será facilitada ao xurado do concurso no momento da súa constitución. As consideracións que se deriven destas consultas terán carácter de obrigada observación (vinculantes) para o Xurado e o órgano de contratación.

07. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLOS CONCURSANTES

As propostas ou proposicións presentaranse nun único sobre ou paquete cerrado, no que se sinale o seguinte título: CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EN FONDODEVILA. PARADA DE SIL, identificado no seu exterior exclusivamente co LEMA elixido polos concursantes para preservar o anonimato. O lema será libremente elixido polos participantes, sen limitación de formato.

O sobre ou paquete presentarase nun embalaxe opaco e cerrado coa rotulación exterior sinalada anteriormente, o cal conterá 3 sobres cerrados numerados e co LEMA elixido polo concursante escrito no seu exterior e coa seguinte rotulación y contido:

SOBRE 1: Rotulación exterior:

SOBRE 1: Proposta de técnico para formar parte do xurado
CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EN FONDEVILA. PARADA DE SIL.
Expediente nº ..... LEMA: .....

No sobre 1 se incluirá debidamente cuberto o anexo 1 coa proposta de designación de técnico (arquitecto) para formar parte do xurado

SOBRE 2: Rotulación exterior:

SOBRE 2: Anteproxecto
CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS PARA LA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EN FONDODEVILA. PARADA DE SIL. Expediente nº ..... LEMA: .....

No sobre 2 coa rotulación sinalada anteriormente incluirase a seguinte documentación:

DOUS paneis tamaño DIN-A1 (594 × 841 mm) maquetados en vertical, montados en taboleiro lixeiro de cartón pluma, nos que figurará o lema elixido polo concursante.

Os planos representaranse a escala 1/100 para as plantas e seccións xerais, podendo ampliarse a outras de uso común. Admitirase calquera expresión gráfica que permita explicar a proposta, incluíndo exclusivamente:

- Plantas, alzado/os e sección/s da proposta.
- Resumen de Memoria xustificativa da proposta, indicando: resume de superficies por usos, materiais, condicións de habitabilidade, accesibilidade, de CTE, de sostenibilidade, circulacións e demais cuestións que se queiran resaltar a xuízo dos concursantes.
- Análise económico da proposta (presuposto de execución material por capítulos).
- Debuxos e perspectivas, fotografías de maqueta ou infografías da proposta..

- **DOSSIER ESCRITO,** con unha extensión máxima de DEZ páxinas en tamaño A4 que conterá unha descrición das solucións aportadas, cos seguintes apartados diferenciados:
  - a) Memoria xustificativa e descritiva da proposta.
  - b) Resume de superficies.
  - c) Avance de condicións construtivas.
  - d) Memoria de deseño do cumprimento das condiciones de habitabilidade, de deseño de CTE e de accesibilidade e de eliminación de barreiras arquitectónicas.
  - e) Resume de presuposto por capítulos.

- **DOCUMENTACIÓN EN CD:** ademais dos paneis e o dosier escrito incluirase un CD, identificado exteriormente mediante o mesmo lema que o panel, que conterá:

  - Reprodución dos paneis nun único arquivo PDF, realizado a partir de arquivos JPG, con unha resolución de 300 dpi. O arquivo nomearase co lema elixido e procurarase que teña un tamaño razoable (non maior de 5MB).

  - Dosier escrito, con unha extensión máxima de DEZ páxinas en tamaño A4 e formato PDF, que conterá unha descrición das solucións aportadas, cos seguintes apartados diferenciados:
    a) Memoria xustificativa e descritiva da proposta.
    b) Resume de superficies.
    c) Avance de condicións construtivas.
    d) Memoria de deseño do cumprimento das condicións de habitabilidade, de deseño de CTE e de accesibilidade e de eliminación de barreiras arquitectónicas.
    e) Resumen de presuposto por capítulos.

Os arquivos empregaranse en posibles publicacións e para realizar unha compilación de todas as propostas presentadas que poderá facilitarse a todos os membros do Xurado con anterioridade as súas deliberacións, para o seu estudio detallado.

SOBRE 3: Rotulación exterior:

SOBRE 3: Documentación administrativa.
CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EN FONDODEVILA. PARADA DE SIL. Expediente nº .....LEMA: .....

No exterior do sobre 3 de documentación administrativa indicarase, así mesmo, de forma clara, unha das dúas opcións seguintes:

"No caso de non resultar premiado o concursante prefire permanecer no anonimato, tanto na exposición pública dos traballos como na súa posible publicación en papel ou na Web"

Ou ben

"No caso de non resultar premiado o concursante autoriza a desvelar a súa identidade, tanto na exposición pública dos traballos como na súa posible publicación en papel ou na Web".

No sobre 3 coa rotulación sinalada anteriormente incluirase a seguinte documentación:

- Boletín de inscrición, identificando aos participantes, segundo os modelos para persoas físicas, sociedades ou equipos mixtos que se axuntan no anexo 2 a estas bases.

- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade nin en unha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do R.D- Leg. 3/2011, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Esta declaración incluirá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións normativas vixentes, sen prexuizo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo concursante a favor do cal se vaia efectuar esta, segundo modelo que se adxunta en anexo 3 destas bases. Deberán aportarse declaracións individuais de todas as persoas e/ou empresas que vaian constituír UTE en caso de resultar ganador.

- Declaración responsable de que o concursante ou no seu caso o técnico responsable (en caso de persoas xurídicas) e o director do equipo inscrito reúne as condicións de titulación requiridas para participar como requisito de solvencia técnica, segundo o modelo que se adxunta en anexo 4 a estas bases, firmado polo concursante ou, no caso de equipos que concorran en unión temporal de empresas, polo representante que os mesmos teñan designado conforme ao documento relacionado no punto seguinte no caso de persoas xurídicas polo seu representante, sen prexuizo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo concursante a favor do que se vaia efectuar esta.

- Declaración responsable de que o licitador ten subscrita una póliza de seguro por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato de servizos que se vai adxudicar ou compromiso de subscribilo para o caso de resultar adxudicatario sen prexuizo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo concursante a favor do cal se vaia efectuar esta, segundo modelo anexo 5 a estas bases.

- Compromiso de constitución en Unión Temporal de Empresas, no caso de concursantes que concorren conxuntamente, segundo modelo que se adxunta en anexo 6 a estas bases.

Todos os concursantes presentarán a súa documentación, así como todo tipo de correspondencia escrita que establezan coa Secretaría do concurso, en castelán ou galego.

08. DESENVOLVEMENTO E PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

O prazo límite para a presentación de propostas será de 45 días naturais desde a última publicación nos boletíns oficiais.

As propostas poderán entregarse no Rexistro do Concello de Parada de Sil en man, de luns a venres en horario de 9 h ata as 14 h, na dirección indicada no punto 4.2 destas bases; (en tal caso entregarase cumprimentando o Anexo 7 destas bases).

Así mesmo, os concursantes poderán enviar as propostas por correo ou mensaxeria, en un paquete cerrado que se enviará ao Concello de Parada de Sil, á dirección postal indicada nestas bases. Neste caso deberán xustificar a data de imposición do envío dentro do prazo na Oficina de Correos ou na empresa de mensaxeria e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposta mediante fax ao número 988090518 ou por correo electrónico á dirección: concello@paradadesil.es, con indicación de un número de referencia de imposición que permita identificalo, e o lema da proposta. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición, se é recibida por dito órgano de contratación con posterioridade á data en que finaliza o prazo sinalado para entregar as propostas nos anuncios de licitación.

Serán admitidas tódalas propostas remitidas por correo ou mensaxeria cumprindo os requisitos anteriores que cheguen dentro dos dez días naturais seguintes á data límite para a presentación de propostas. Transcorridos, sen embargo, os dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposta, esta non será admitida en ningún caso.

Os paquetes deberán ser enviados libres de cargas ou reembolso de ningún tipo. O organismo convocante non asumirá costos nin trámites de ningún tipo en concepto de aduanas, mensaxeria ou similares, e non aceptará, polo tanto, envíos que cheguen nesas condicións.

O material recibido será desempaquetado e preparado para o seu exame por persoas que carecen de dereito a voto no Xurado, que coidarán que non se rompa o anonimato das propostas, facendo desaparecer toda referencia ao remitente que puidera haber nos envoltorios dos paquetes ou nos albarás de envío.

Finalizado o prazo de recepción de propostas, farase entrega ao Secretario do Xurado dos tres sobres presentados por cada lema.

O Secretario do Xurado do concurso levantará a acta de recepción no que se consignará o número de traballos recibidos e os seus lemas, que se publicará no perfil do contratante do concello e na do COAG. O Secretario procederá a abrir o sobre 1 presentado por cada lema e que inclúe a proposta de designación de técnico (arquitecto residente en Galicia) para formar parte do xurado a proposta dos concursantes e efectuará o reconto de votos contidos en ditos sobres. O Secretario de Xurado notificará o resultado ao técnico que máis votos obteña. En caso de que este non puidera formar parte do xurado por calquera causa, será elixido o seguinte que conte con maior número de votos e así sucesivamente. En caso de empate, o técnico será decidido por sorteo entre os profesionais que resulten empatados. Unha vez o técnico seleccionado polos concursantes acepte pertencer ao xurado, farase pública a composición definitiva do mesmo no perfil do contratante do concello e na páxina web do COAG.

Así mesmo, os sobres número 3 de todas as propostas serán custodiados polo Secretario do Xurado ata o momento da súa apertura en acto público.

A Secretaría do Xurado aportará ao Concello a documentación que sexa precisa para a tramitación dos procedementos administrativos do concurso, garantindo en todo momento o anonimato da autoría das propostas.

09. XURADO: COMPOSICIÓN E FUNCIONAMIENTO.

9.1. Composición.

A Mesa de Contratación constituirase en Xurado dos concursos de proxectos de conformidade co preceptuado no artigo 323 do TRLCSP, que será o órgano competente para valorar e propoñer a adxudicación do Concurso de Proxectos.

O Xurado estará composto por cinco membros con dereito a voto:

Presidente:
- A Alcaldesa de Parada de Sil, ou persoa na que delegue.

Vocais:
- Un arquitecto residente en Galicia a elección dos concursantes
- O Decano del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con delegación expresa no Presidente do COAG en Ourense
- Un arquitecto designado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia.
- Secretario do concello de Parada de Sil

Secretario do Xurado:
- Un funcionario do Concello de Parada de Sil, con voz pero sen voto

Funcionamento do Xurado.

A organización funcionamento do Xurado rexerase polo disposto nas presentes bases e lexislación en materia de contratación das Administracións Públicas e supletoriamente polo disposto na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, respecto aos órganos colexiados (artigos 15 a 18). O Secretario levantará Acta de todas as sesións celebradas.

Tras a recepción das propostas, e unha vez designado o técnico que formará parte do Xurado en representación dos concursantes, o Xurado reunirase as veces que considere necesarias para a avaliación das propostas e a selección do gañador, ao que, segundo o disposto nestas Bases, se lle adxudicará o contrato recollido nestas bases e obxecto de concurso, así como dos dous accésits.

Para que o Xurado poda realizar o seu traballo, necesitarase a presenza en todas as sesións de avaliación de a metade máis un dos seus membros.

No acto de constitución do Xurado os seus membros declararán non ter constancia da existencia de incompatibilidades con ningún dos participantes no concurso. En caso de existir algunha incompatibilidade, o membro do Xurado afectado pola mesma deberá abandonar o Xurado, ou delegar en caso de ter esa posibilidade, o cal terá sido en conta á hora de establecer o quórum. Calquera intento de presión aos membros do Xurado deberá estar debidamente acreditado.

O Xurado poderá invitar ás sesións de deliberación a expertos no ámbito obxecto do concurso, con voz pero sen voto. Os invitados deberán declarar previamente o descoñecemento de incompatibilidades con calquera das propostas presentadas ao concurso.

Serán funcións do Xurado:
- A análise da documentación e a admisión definitiva dos traballos.
- A proposta razoada de exclusión de aqueles traballos non admitidos, que se recollerá en acta, e poderá deberse a:
  - entrega fora de prazo ou sen axustarse ao establecido nas bases do concurso;
  - insuficiencia da documentación para a adecuada valoración das propostas;

- quebrantamento do anonimato, ben por haber desvelado a autoría por calquera medio, ben por presentar elementos gráficos identificativos da identidade do autor da proposta;
- calquera intento de presión aos membros do Xurado, debidamente acreditado.

- A análise das propostas presentadas e a valoración das mesmas, podendo solicitar a tal efecto os asesoramentos que estime oportunos.
- A vixilancia e cumprimento do anonimato rigoroso co que se deberá examinar a documentación.
- A resolución definitiva, que deberá ser razoada e que terá a consideración ademais de proposta de adxudicación do contrato de servizos de redacción de proxecto e dirección de obra de arquitecto

Procedemento para fallo do concurso:

- A calidade arquitectónica da proposta segundo os criterios de valoración recollidos na cláusula seguinte.

Desde a efectiva recepción de todas as propostas, todos os paneis recibidos quedarán dispoñibles para a súa análise por parte dos membros do Xurado, que disporán para elo de canto tempo consideren necesario. A todos os membros do Xurado se lles enviará un CD que conterá todos os arquivos enviados polos concursantes identificados cos respectivos lemas.

A Secretaría do Concurso proporá, de acordo cos membros do Xurado, a data ou datas o lugar onde se celebrarán as deliberacións, onde estarán expostos os paneis das propostas. Tamén se encargará de citar aos expertos ós que o Xurado solicite a súa presenza.

En calquera das sesións de deliberación, e previamente a calquera outra consideración, procederase a aprobar a admisión ou inadmisión de todas as propostas.

O xurado acordará un procedemento de selección acorde á cantidade e calidade das propostas presentadas. No caso de optarse por sistemas de votación, e de producirse un empate, procederase a unha nova discusión, e só, despois de tres votacións empatadas, decidirá o voto de calidade do Presidente.

O Xurado colexiadamente exporá, e así quedará recollido na acta, os motivos polos cales considera que as propostas premiadas son merecedoras de elo. Poderanse emitir votos particulares se así o desexase calquera membro do Xurado.

O Xurado anunciará a asignación motivada de premios en data a determinar. Publicarase no perfil do contratante do concello así como no do COAG a resolución do concurso. Os documentos gráficos explicativos das propostas gañadoras serán difundidos vía Web, podendo ser manipulados pola Secretaría do concurso exclusivamente con vistas á redución do seu tamaño para unha mellor exposición e acceso vía Internet.

A identidade dos autores das respectivas propostas farase pública coa apertura do sobre 3 (documentación administrativa) que se celebrará en un acto público. O lugar e a hora de dito acto anunciaranse no perfil del contratante do concello coa suficiente antelación e na páxina Web do COAG.

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado valorará a calidade arquitectónica das propostas que presenten analizando os seguintes aspectos, cos seguintes criterios de baremación sobre 100 puntos:

- Con un máximo de 40 puntos: Adecuación ó programa de necesidades requirido e viabilidade funcional, técnica e económica.

- Con un máximo de 30 puntos: Valor arquitectónico, artístico, orixinalidade e carácter innovador da proposta, integración ao entorno e inserción á trama urbana,así como resposta adecuada á topografía existente.
- Con un máximo de 20 puntos: Incorporación no deseño do edificio de criterios de sustentabiliade e respecto ao medio ambiente no referente a eco-deseño, materiais, mantemento, consumo enerxético, incorporación de enerxías alternativas e renovables.
- Con un máximo de 10 puntos: Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, tanto no interior do edificio como no entorno do mesmo.

11. PREMIOS

Os premios outorgados serán os seguintes:

- Primeiro premio: 6.000,00€, como entrega a conta de honorarios e a adxudicación do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra.
- Dous accésits: 1.000,00€, cada un de les.

Poderanse nomear máis premios, a modo de accésits, sen costo económico.

O primeiro premio será considerado a todos os efectos como anticipo dos honorarios profesionais derivados da adxudicación do contrato de redacción do proxecto básico e de execución, e de dirección das obras para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)

Sobre un presuposto de execución material de 420.000,00€ (gastos xerais, beneficio industrial e IVA non incluído), os honorarios profesionais correspondentes á redacción do proxecto básico e de execución, incluída a redacción do estudio de seguridade e saúde e dirección das obras, ascenderán á cantidade de 30.000,00€ (IVA non incluído), obedecendo á seguinte desagregación:

- 20.000,00€ (IVA non incluído) para o proxecto básico e de execución (incluído estudio básico de seguridade)
- 10.000,00€ (IVA non incluído) de Dirección de obra de arquitecto.

Ás cifras anteriores aplicaranlle respectivamente as retencións legais e impostos aplicables en cada caso. Para o seu abono, os concursantes deberán presentar factura ao Concello de Parada de Sil en concepto do premio recibido u honorarios profesionais.

12. RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DOS PREMIOS E DO CONTRATO DE SERVIZOS

A resolución do Xurado será remitida como proposta de adxudicación dos premios e do contrato de servizos, ao órgano de contratación. O órgano de contratación ditará a correspondente resolución de adxudicación dos premios e do contrato de servizos de redacción de proxecto, e dirección de obra. A resolución de adxudicación do contrato de servizos ditarase previa acreditación polo gañador, nos prazos e formas establecidos na cláusula seguinte, dos requisitos de capacidade, ausencia de prohibición e de solvencia e por importe, de TREINTA MIL EUROS máis o IVA correspondente (30.000 €) que supoñen un total de TREINTA Y SEIS MIL TRESCIENTOS EUROS IVA INCLUIDO (36.300 € IVA INCLUIDO) dos que deberán detraerse en canto ao pago o importe de 6.000,00 € que se pagan como parte do primeiro premio en metálico.

O contrato de servizos será firmado no prazo de 5 días desde a resolución de adxudicación.

O Concello de Parada de Sil comprometese expresamente e en calquera caso a non contratar o proxecto básico e de execución, completo ou parcialmente, con outro técnico ou equipo técnico que non sexa o gañador do concurso, excepto o disposto no parágrafo seguinte.

En caso de que o gañador do concurso non puidera contratar por calquera motivo a il imputable, non terá dereito a indemnización algunha nin á percepción do premio, e o Concello de Parada de Sil, ditará resolución de adxudicación do primeiro premio e a adxudicación do contrato de servizos en favor da proposta e do concursante o equipo distinguido co accésit que obtivera maior puntuación por parte do xurado previa acreditación dos requisitos de aptitude, capacidade e solvencia.

Os premios en metálico pagaranse no prazo de UN MES desde a fecha do fallo do concurso, previas as retencións que correspondan e previa presentación da factura.

13. COMPROBACIÓN DOS REQUISITOS DE APTITUDE Y CAPACIDADE DE CONTRATAR E DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIEIRA E TÉCNICA.

Unha vez fallado o concurso, o Concello de Parada de Sil, requirirá ao gañador para que presente a seguinte documentación xustificativa:

Relativa á capacidade de obrar:

- O Documento Nacional de Identidade ou equivalente se se trata de unha persoa física ou, no seu caso, o representante legal.
- Se se trata de persoas xurídicas, a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible de acordo coa lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas pola que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. Así mesmo presentarán o poder que acredite a representación de quen ostente a mesma no concurso.
- Se se trata de persoas (físicas ou xurídicas) non españolas, nacionais de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, a capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición no correspondente Rexistro profesional ou comercial ou mediante a presentación das certificacións para os contratos de servizos previstas en dito ámbito comunitario.
- Coando se trate de persoas estranxeiras non incluídas no parágrafo anterior deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular local, en que se faga constar que figuran inscritas no Rexistro local Profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades do contrato.
- Se se trata de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, deberán ademais acompañar informe da Misión Diplomática Permanente de España ou do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de Estado signatario de dito Acordo. En caso contrario, informe de reciprocidade do Estado de procedencia de que el mesmo admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación pública, en forma substancialmente análoga.

Certificacións acreditativas dos extremos da declaración responsable aportada no concurso:
Certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes de encontrarse ao corrente das súas obrigacións tributarias en España, tanto coa Administración do Estado como co Concello de Parada de Sil, e das súas obrigacións coa Seguridade Social ou réxime profesional substitutorio. En caso de non encontrarse suxeito a ditas obrigacións ou a algunha delas, presentarase certificación que xustifique estes extremos.

Relativos ao cumprimento do requisito de solvencia requirida para participar no concurso:

- Documentación acreditativa de titulación profesional e colexiación en caso do autor do proxecto ou autor do proxecto e director do equipo.
- Xustificante da póliza de seguro por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato de servizos.

O requirido terá un prazo mínimo de dez (10) días naturais para aportar toda a documentación acreditativa, se ben poderá ser concedido un maior en función das circunstancias que se aprecien. A non acreditación dos requisitos para contratar implicará a descualificación do concursante, incluíndo no seu caso a perda do dereito a percibir o premio que lle tivera podido ser outorgado como gañador e de ser adxudicatario do contrato de servizos.
Se se producise a descualificación do concursante premiado, o Concello de Parada de Sil procederá a requirir novamente a documentación antes relacionada ao concursante distinguido co accésit que obtivera maior puntuación por parte do xurado

A constitución da UTE, no seu caso, non será esixible ata que se dite e notifique a resolución da adxudicación do contrato de servizos na que se indicará prazo para a súa constitución.

14. CONDICIÓNS DE EJECUCIÓN DO CONTRATO E PAGO:

Os traballos contratados executaranse de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas.

Así mesmo, os traballos contratados serán executados baixo a supervisión dos técnicos municipais, e deberán contar coa aprobación expresa dos mesmos, conforme aos procedementos que no seu momento se habiliten.

- Entrega do proxecto básico e de execución e estudio de seguridade: antes de 60 días naturais contados desde o día seguinte á firma do contrato.
  Procederase ao pago do 100% dos honorarios relativos á redacción de ditos proxectos (20.000,00 €, menos os 6.000,00 €, máis o IVA entregados a conta) no prazo dos 30 días seguintes á entrega dos mesmos.

- O Concello de Parada de Sil, como cliente e ó non dispor de oficina de supervisión de proxectos, tal e como establece o art. 4 del RD 1000/2010, solicitará do adxudicatario o visado do proxecto de execución tendo esta previsión nos pregos fronte ao Colexio Profesional visador o carácter de petición expresa aos efectos do artigo 13.1 da Le 2/1974 de Colexios Profesionais.

- O prazo para a dirección de obra queda supeditado aos prazos de execución da mesma que serán fixados polo Concello na licitación e adxudicación do contrato de obra. Os honorarios pola dirección de obra (10.000 €) abonaranse mensualmente mediante certificacións periódicas ao largo da execución da obra.

15. DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL

Os autores conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados, non podendo ningún deles, nin sequera os premiados, ser empregados para outros fins, nin como material para a redacción de outros proxectos por arquitectos diferentes dos respectivos autores.

Os concursantes cederán tanto ao Concello de Parada de Sil como ao COAG unicamente os dereitos de explotación que correspondan ao obxecto da publicidade do concurso e os seus resultados, tales como a publicación, edición en libro, e exposición dos traballos presentados, se ben permanecerán en anonimato aqueles concursantes non premiados que así o solicitaran.

O proxecto gañador non poderá ser modificado nin cedido sen consentimento expreso do autor do mesmo, podendo o xurado do concurso establecer recomendacións e suxestións que deberán ser recollidos no proxecto.

16. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase aos participantes no concurso cos seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten para o "concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)" así como os dos seus empregados e colaboradores, con motivo da presente licitación, serán conservados nun ficheiro automatizado titularidade de concello de Parada de Sil coa finalidade de xestionar a súa participación na licitación convocada.

Ó participar no concurso cubrir a documentación correspondente os participantes autorizan expresamente que se poda levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal.

Así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a Lei dirixíndose por escrito a :

- Concello de Parada de Sil con domicilio en Praza do Campo da Feira, nº1. 32740 Parada de Sil. Email: concello@paradadesil.es. Teléfono: 988-208010. Fax: 988-090518

17. SUSPENSIÓN DO CONCURSO

De suspenderse o concurso, indemnizarase aos concursantes polo traballo e materiais empregados, xustipreciándose polo COAG, que actuará de árbitro, as indemnizacións a realizar. Para elo deberán presentarse, ao día seguinte da comunicación do acordo de suspensión, os traballos realizados ata tal data. Transcorrido dito prazo non haberá dereito a esixir a indemnización. A suma global de indemnizacións non superará o importe previsto para premios.

18. RESOLUCIÓN E DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS

Todos os concursantes teñen dereito a examinar os traballos premiados durante o período de un mes desde a comunicación do fallo do xurado. En caso de acordarse a exposición pública dos traballos, entenderase que este dereito quedará cumprido pola apertura ao público de dita exposición. Igualmente quedará cumprido mediante a publicación na Web dos mesmos.

Transcorrido ese prazo, ou a exposición pública que no seu momento se acorde, os concursantes terán dereito a retirar os traballos admitidos durante o prazo de dous meses, a partir do cal la entidade convocante poderá proceder á destrución dos mesmos. En calquera caso, o organismo convocante resérvase o dereito de reter os CDs co fin de xestionar a publicación dos resultados do concurso.

19. EXPOSICIÓN

Unha vez resolto o Concurso, todos os traballos presentados e admitidos poderán ser reproducidos polo Concello de Parada de Sil e/ou polo COAG, expostos ao público, e retidos a tal fin ata a finalización da exposición. Dita exposición será anunciada a todos os participantes, foran ou non seleccionadas as súas propostas. Tamén poderán ser obxecto de unha publicación na que se farán constar os nomes dos autores salvo no caso de aqueles concursantes que non resultando premiados consignaron expresamente o seu desexo no exterior do sobre 3 de permanecer no anonimato.

20. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E TRIBUNAIS COMPETENTES

O Concello de Parada de Sil, poderá esixir aos equipos ou persoas gañadoras do concurso que inclúan no desenvolvemento dos proxectos as suxerencias que podan aparecer como resultado do exame e a resolución do Xurado, aquelas modificacións que estime oportuno como promotor da obra e que poda sinalar con posterioridade, sempre que non alteren a natureza do proxecto gañador.

O órgano convocante ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante o desenvolvemento do concurso, sobre a interpretación, modificación e efectos das presentes Bases.

Son competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir como consecuencia da aplicación das presentes Bases, os Xulgados Tribunais do orden xurisdicional contencioso-administrativo

ANEXOS QUE ACOMPAÑAN A ESTAS BASES: os seguintes modelos para cumprimentar:

ANEXO 1.: PROPUSTA DE TÉCNICO PARA FORMAR PARTE DO XURADO
ANEXO 2.1.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 2.2.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA SOCIEDADES
ANEXO 2.3.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA EQUIPOS MIXTOS DE SOCIEDADES E PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 3.: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON EXISTENCIA DE INCOMPATIBILIDADE NIN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR
ANEXO 4.: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMIENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA (CONDICIÓNS DE TITULACIÓN)
ANEXO 5.: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMIENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIEIRA.
ANEXO 6.: COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (U.T.E.)
ANEXO 7.: RECIBO DE ENTREGA

CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A REHABILITACIÓN DE CONSTRUCCIÓNS O LUGAR DE FONDODEVILA PARA DESTINALAS A VIVENDAS PARA RESIDENTES NO MUNICIPIO DE PARADA DE SIL (OURENSE)

Segunda Parte.- Prego de Prescricións técnicas 21 a 25 gal

1. ANTECEDENTES
2. OBXECTO E EMPLAZAMENTO DO CONCURSO
3. PROGRAMA DE NECESIDADES
4. PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL
5. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA
6. CONTIDO DO PROXECTO QUE SE ENCARGARÁ AO GAÑADOR
7. CONDICIÓNS DO CONTRATO
8. OBRIGACIÓNS
9. FACULTAD DE INSPECCIÓN
10. SUPERVISIÓN DA CORRECTA EXECUCIÓN DO CONTRATO

01. ANTECEDENTES

O Concello de Parada de Sil, convoca presente concurso co fin de fixar poboación o seu termino municipal, promover e impulsar a rehabilitación do seu parque de edificacións tradicionais, propiciar a actividade económica na zona, así como impulsar a realización de propostas innovadoras que supoñan a reactivación e posta en valor deste pequeno municipio da Ribeira Sacra ourensá.

O Concello de Parada de Sil, como organismo convocante deste concurso, optou por licitar mediante o procedemento de concurso de proxectos con intervención de Xurado, pois considera que é o máis adecuado para obter a mellor solución posible, tanto arquitectónica como técnica, ao programa solicitado e ás particulares circunstancias do ámbito urbanístico delimitado.

A tal efecto subscribiu un Convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG), para a Convocatoria de un Concurso de Anteproxectos e contase co apoio da Oficina de Concursos do mesmo nas súas tarefas organizativas.

02. OBXECTO E EMPRAZAMENTO DO CONCURSO

O obxecto do presente concurso é a selección da mellor proposta para a rehabilitación de unhas construcións tradicionais en estado de ruína para a habilitación de ao menos catro vivendas para residentes no Concello de Parada de Sil, así como o acondicionamento do seu entorno inmediato, que comprende aproximadamente as seguintes superficies:

- Superficie total do ámbito en pranta 584,12 m2
- Superficie de urbanización de parcela 115,79 m2
- Superficie construída en Planta Baixa 431,08 m2
- Superficie construída en Planta Alta 463,71 m2

A delimitación do ámbito de actuación, consta reflectida na documentación gráfica do concurso.

Establecese un reducido número de condicionantes e limitacións nas bases pregos deste concurso para dar aos participantes a maior liberdade posible, co obxecto de facilitar durante o concurso a libre expresión de formulacións urbanísticas e arquitectónicas orixinais, e solucións programáticas construtivas acordes a este tipo de intervención, sempre no marco da maior eficiencia na utilización nos recursos dispoñibles para elo.

03. PROGRAMA DE NECESIDADES

O Concurso de Proxectos para a rehabilitación de construcións para dedicar ao menos catro vivendas para residentes do Concello de Parada de Sil, pretende lograr espazos de uso doméstico, sobre un programa que permita definir a solución máis apropiada ao caso, ben en forma de áreas diferenciadas, ben como un espazo ou unha suma de espazos versátiles e adaptables, responda ás funcionalidades seguintes e garantide as seguintes condicións:

- Programa: Formúlase un programa de necesidades libre. Acoutado coa necesidade de proxectar ao menos 4 vivendas para familias con 1 ou 2 fillos (2 ou 3 habitacións). No seu caso, e adicionalmente, poderanse proxectar apartamentos para persoas solteiras. Non hai previsión obrigatoria de garaxe-aparcamento. Todo elo segundo os estándares do Decreto 29/2010 e o cumprimento da demais normativa que sexa de aplicación.
  Non se prevén partidas económicas para o acondicionamento exterior, dos seus accesos, de aparcamento en superficie, axardinamento e demais. É necesario recuperar o forno tradicional existente na zona sur da parcela nº 5. Tamén se debe manter o paso cuberto existente sobre o camiño, de aí a diferenza entre o ámbito de planta baixa e de planta alta.

- Normativa: Deberanse cumprir as condicións de:
  - Habitabilidade en Galicia (Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia)
  - Accesibilidade en Galicia (RD 35/2000 de accesibilidade en Galicia, declarado vixente pola Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade en Galicia)
  - Criterios de deseño contido no RD 314/2006 de 17 de marzo, relativo ao Código Técnico da Edificación.
  - Fogar dixital Decreto 127/2016.
  - Calquera outra normativa que lle for de aplicación a vivendas promovidas pola Administración Pública.

- Estándares construtivos
  Será o proxectista quen fixe os estándares e calidades axustándose ao entorno e á inversión prevista.

- Titularidade dos terreos e das edificacións
  Son propiedade do Concello de Parada de Sil. A edificación Nº 6 non pertence ao Concello e non entra no Proxecto. De todos modos dita edificación está rehabilitada.
  A edificación Nº 1 correspóndese coa referencia catastral 8436606PG1983N0001PK
  As edificacións Nº 2, 3, 4, 5, 7, 8 e 9 compoñen, xunto coa parcela sobrante, a referencia catastral 8436604PG1983N0001GK

04. PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

O Presuposto de Execución material ascenderá á cantidade de 420.000,00€ (gastos xerais, beneficio industrial e IVA non incluído)

05. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Os concursantes disporán para elaborar as súas propostas, na páxina web do concurso aloxada nas seguintes direccións: http://portal.coag.es/ y en http://www.paradadesil.es/, a seguinte documentación:

01. Plano situación no municipio
02. Plano NNSS de Parada de Sil
03. Catastral. Ámbito
04. Ortofoto
05. Topográfico
06. Plano de servizos urbanísticos existentes
07. Informe condicións urbanísticas
08. Reportaxe fotográfico. Con plano guía.
09. Plantilla composición de paneis

06. CONTIDO DO PROXECTO QUE DEBE REDACTAR O GAÑADOR ADXUDICATARIO DO CONTRATO DE SERVIZOS DE REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.

O proxecto básico e de execución redactarase en base ao anteproxecto premiado no concurso convocado, e ás especificacións técnicas que nel se contemplen, tanto de deseño como de materiais e acabados, podéndose variar sempre e cando se admitan os cambios por parte do responsable municipal do contrato.

O proxecto básico e de execución conterá toda a documentación necesaria e suficiente para poder consideralo completo de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o Código Técnico da Edificación e a normativa sectorial e urbanística vixente aplicable.

O presuposto de execución material do proxecto confeccionarase tendo en conta prezos contrastados de mercado e será, en calquera caso, igual ou inferior ao incluído no apartado anterior.

Elaborarase o Estudio de Seguridade Saúde conforme ao disposto nos Art. 4, 5 e 6 do RD 1.627/1997 de Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas Obras. En calquera caso, o presuposto correspondente incluirase como capítulo independente no presuposto da obra desagregado por partidas.

07. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O proxecto básico e de execución será redactado e firmado polo arquitecto/os gañadores do concurso. O Concello de Parada de Sil, solicitará do adxudicatario o visado do proxecto de execución facéndoo constar nos pregos reguladores do concurso que terá fronte ao Colexio Profesional visador o carácter de petición expresa aos efectos do artigo 13.1 da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, toda vez que non dispón de oficina de supervisión de proxectos de acordo ao seu artigo 4º.

O Concello de Parada de Sil proporcionará os estudios do terreo da parcela e a zona de actuación.

En calquera caso, o Concello poderá propor ao Arquitecto adxudicatario, a instancia dos Servizos Técnicos municipais, que realice os cambios necesarios no proxecto, sen modificación dos honorarios, sempre e cando non altere substancialmente o ámbito ou o alcance do proxecto. A esixencia de calquera cambio deberá estar xustificada por razóns económicas, de cumprimento de normativa, de seguridade ou técnicas.

Os Servizos Técnicos do Concello de Parada de Sil establecerán, co adxudicatario do contrato as reunións necesarias de control seguimento en función do desenvolvemento do mesmo, co fin de evitar desviacións dos intereses municipais.

Os Servizos Técnicos do Concello de Parada de Sil establecerán as fases de redacción do proxecto de execución, que corresponderán coas fases descritas nas bases do concurso, fixando tamén a data das entregas e consensuando co Arquitecto autor os criterios para aprobar os documentos e os prazos de entrega. Por defecto, establécense os seguintes prazos:

- Entrega do proxecto básico e de execución e estudio de seguridade, antes de 60 días naturais contados desde o día seguinte á firma do contrato.
- O prazo para a dirección de obra queda supeditado aos prazos de execución da mesma que serán fixados polo Concello na licitación e adxudicación do contrato de obra.

08. OBRIGACIÓNS

O adxudicatario do contrato estará obrigado a solicitar a información necesaria das empresas subministradoras de servizos para poder coñecer as necesidades, condiciones e características das acometidas e contemplalas nas medicións, presupostos e en xeral en toda a documentación contida no proxecto, en calquera caso nas bases do concurso apórtanse unes esquemas do seu estado actual.

O adxudicatario, persoalmente ou a través do equipo de asesoramento técnico por il contratado, comprométese a prestar a asistencia técnica e o asesoramento necesario ao Concello de Parada de Sil para poder valorar e aprobar a documentación técnica presentada.

O adxudicatario presentará catro exemplares do proxecto básico e de execución, que terá sido aprobado previamente polo Concello de Parada de Sil, en papel e dúas copias en soporte informático compatible con

Microsoft Word, Autocad 2010 e Presto. No seu caso, toda a documentación presentarase visada polo Colexio Oficial correspondinte como se dispón na cláusula 07.

09. FACULTADE DE INSPECCIÓN

O Concello de Parada de Sil poderá revisar en calquera momento o traballo desenvolvido polo técnico contratado e o seu equipo en todo o relacionado co presente prego.

10. SUPERVISIÓN DA CORRECTA EXECUCIÓN DO CONTRATO

O Concello de Parada de Sil nomeará un responsable técnico do contrato que supervisará e constatará a correcta execución dos documentos técnicos e o cumprimento dos prazos establecidos en contrato. Calquera erro ou omisión deberá ser emendado polo técnico adxudicatario do contrato coa máxima celeridade, sen que elo supoña maior prezo.

Para o abono do prezo do contrato será imprescindible a aprobación previa do responsable técnico do contrato, quen emitirá un informe valorando a adecuación urbanística a suficiencia documental e técnica do proxecto básico e de execución entregado.

CONCURSO DE PROXECTOS, A NIVEL DE ANTEPROXECTO, CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A REHABILITACIÓN DE CONSTRUCIÓNS NO LUGAR DE FONDODEVILA PARA DESTINALAS A VIVENDAS PARA RESIDENTES NO MUNICIPIO DE PARADA DE SIL (OURENSE)

Anexos 26 a 35 cas

ANEXO 1.	PROPOSTA DE TECNICO PARA FORMAR PARTE DO XURADO.
ANEXO 2.1.:	BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 2.2.:	BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA SOCIEDADES
ANEXO 2.3.:	BOLETÍN DE INSCRICIÓN. MODELO PARA EQUIPOS MIXTOS DE SOCIEDADES E PERSOAS FÍSICAS
ANEXO 3:	MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON EXISTENCIA DE INCOMPATIBILIDADE NIN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR
ANEXO4:	MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA (CONDICIÓNS DE TITULACIÓN)
ANEXO 5:	DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMIENTO DE REQUISITOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIEIRA.
ANEXO 6:	COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (U.T.E.)
ANEXO 7:	RECIBO DE ENTREGA

ANEXO I: PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE TÉCNICO (ARQUITECTO) PARA FORMAR PARTE DO XURADO

LEMA: ----------

De acordo co establecido no prego de bases para o "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)"**, propón como técnico para formar parte do Xurado como representante dos concursantes a:

Don/Dona ---------- de profesión Arquitecto ---------

Nota: Non firmar nin identificar esta folla de ningún modo, para cumprir co anonimato esencial no procedemento.

ANEXO 2.1.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN

MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos denominado "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil, manifesta a capacidade para concorrer, así como o coñecemento e aceptación das condicións, requisitos e obrigacións establecidos nos pregos de condicións administrativas e de prescricións técnicas particulares que o regulan, e solicita que se acepte a súa participación.

LEMA DA PROPOSTA:

.....

AUTORES DA PROPOSTA:

Don/Dona:.....D.N.I.....

Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:

Don/Doa:.....

Domicilio en: .....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:..... Fax:.....

Correo electrónico.....

Lugar, data e sinatura de todos os autores da proposta

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 2.2.: BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN
MODELO PARA SOCIEDADES

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos denominado **"Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil, manifesta a capacidade para concorrer, así como o coñecemento e aceptación das condicións, requisitos e obrigacións establecidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares que o regulan, e solicita que se acepte a súa participación.

LEMA DA PROPOSTA:

.....

SOCIEDADES AUTORAS DA PROPOSTA:

Sociedade 1:..... C.I.F.....

Representada por: Don/Dona:.....D.N.I.....

Sociedade 2:.....C.I.F.....

Representada por: Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

DIRECTORES DO PROXECTO:

Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:

Don/Dona:.....

Domicilio en: .....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:.....Fax:.....

Correo electrónico.....

Lugar, data e sinatura dos representantes das sociedades autoras da proposta.

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 2.3.: BOLETÍN DE INSCRICIÓN

MODELO PARA EQUIPOS MIXTOS DE SOCIEDADES E PERSOAS FÍSICAS

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos denominado "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)"** convocado polo Concello de Parada de Sil, manifesta a capacidade para concorrer, así como coñecemento e aceptación das condicións, requisitos e obrigacións establecidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares que o regulan, solicita que se acepte a súa participación.

LEMA DA PROPOSTA:

.....

AUTORES DA PROPOSTA:

Don/Dona:.....D.N.I.....

Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

Sociedade: .....C.I.F.....

Representada por: Don/Dona:.....D.N.I.....

Director do proxecto por parte da citada empresa:

Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:

Don/Dona:.....

Domicilio en: .....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:.....Fax:.....

Correo electrónico.....

Lugar, data e sinatura de todos os autores dea proposta

(do representante legal no caso de sociedades)

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 3: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON EXISTENCIA DE INCOMPATIBILIDADE NIN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

*****

ATENCIÓN: UN EXEMPLAR DESTA DECLARACIÓN DEBE SER APORTADO POR TODOS E CADA UNHA DAS PERSOAS FÍSICAS E/OU XURÍDICAS QUE VAIAN A SUSCRIBIR O CONTRATO EN CASO DE RESULTAR GAÑADOR. SE VAI CONCURRIR EN UTE (BEN DE VARIOS PROFESIONAIS PERSOAS FÍSICAS, O UPERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS, OU VARIAS PERSONAS XURÍDICAS) POR CADA UN DOS SUXEITOS QUE VAIAN A INTEGRAR A UTE

*****

Don/Dona:.....D.N.I.....

Con domicilio en:.....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:.....Fax:.....

Correo electrónico.....

Actuando: - no seu propio nome: ☐ (profesionais a título persoal)

- en representación de: ☐ (sociedades; cubrir máis abaixo os seus datos)

Como apoderado de.....C.I.F.....

Con domicilio en:.....C.P.....

Rúa/Praza: .....

DECLARA responsable expresamente:

- que a persoa física ou xurídica á que representa, e no segundo suposto, os seus administradores e representantes, así como o asinante, non están incursos en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstas no mesmo.
- que a persoa física ou xurídica non está incursa en incompatibilidade derivada das disposicións relativas á lexislación vixente en materia de Incompatibilidades de Altos Cargos ao servizo da Administración.
- que a persoa física ou xurídica encóntrase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, ou réximes alternativos de previsión social, segundo a lexislación vixente.
- que a persoa física ou xurídica non ten débedas en período executivo de pago, salvo que estiveran garantidas, co Concello de Parada de Sil.

Lugar, data e sinatura do declarante

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 4: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE SOLVENCIA TÉCNICA (CONDICIÓNS DE TITULACIÓN)

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos publicado na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia denominado "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil.

Don/Dona:.....D.N.I.....

Con domicilio en:.....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:.....

Fax:.....

Correo electrónico.....

Actuando: - no seu propio nome: ☐ (profesionais a título persoal)

- en representación de: ☐ (sociedades; cubrir máis abaixo os seus datos)

Como apoderado de..... C.I.F.....

Con domicilio en:..... .....C.P..... .....

Rúa/Praza: .....

DECLARA responsable e expresamente:

- que a persoa física ou xurídica á que representa, e no segundo suposto, o designado como director do proxecto, conta con titulación profesional para a realización dos traballos resultantes do eventual contrato derivado do presente concurso.

Lugar, data e sinatura do declarante

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 5: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIEIRA

ATENCIÓN: UN EXEMPLAR DESTA DECLARACIÓN DEBE SER APORTADO POR TODOS E CADA UNHA DAS PERSOAS FÍSICAS E/OU XURÍDICAS QUE VAIAN SUSCRIBIR O CONTRATO EN CASO DE RESULTAR GAÑADOR. SE VAI CONCURRIR EN UTE (BEN DE VARIOS PROFESIONAIS PERSOAS FÍSICAS, OO PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS, OU VARIAS PERSOAS XURÍDICAS) POR CADA UN DOS SUXEITOS QUE VAIAN INTEGRAR A UTE

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos publicado na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia denominado "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil.

Don/Dona:.....D.N.I.....

Con domicilio en:..... .....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:.....Fax:.....

Correo electrónico..... .....

Actuando: - no seu propio nome: ☐ (profesionais a título persoal)

- en representación de: ☐ (sociedades; cubrir más abaixo os seus datos)

Como apoderado de..... C.I.F.....

Con domicilio en:.....C.P.....

Rúa/Praza: .....

DECLARA responsable e expresamente: marcar a opción correspondente.

- Que a persoa física ou xurídica á que representa, e no segundo suposto, ten subscrita unha póliza de seguro por riscos profesionais por importe igual ou superior ó valor estimado do contrato de servizos que se vai adxudicar.
- Que se compromete a subscribir una póliza de seguro por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato de servizos que se vai adxudicar

Lugar, data e sinatura do declarante

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 6: COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS (U.T.E.)

Tendo coñecemento do anuncio de Concurso de Proxectos publicado na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia denominado "**Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil.

Don/Dona:.....D.N.I.....

Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

Sociedade: .....C.I.F.....

Representada por: Don/Dona:.....D.N.I.....

(...)

Manifestan o seu compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas, en caso de resultar adxudicatarios do contrato resultante do concurso, segundo as seguintes porcentaxes:

Don/Dona:.....porcentaxe: ..... %

(...)

Sociedade: ..... porcentaxe: ..... %

(...)

Igualmente acordan designar como **representante e interlocutor único** ante o Concello de Parada de Sil a:

Don/Dona:.....

Domicilio en: .....C.P.....

Rúa/Praza: .....

Teléfono fixo:..... Teléfono móbil:..... Fax:.....

Correo electrónico.....

Lugar, data e sinatura de todos os autores da proposta

(do representante legal no caso de sociedades)

Os datos recollidos serán incorporados e tratados no sistema informático do Concello de Parada de Sil, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer ante o mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, o que se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ANEXO 7: RECIBO DE ENTREGA

Recibín:

Un exemplar (sobre 1 + sobre 2 + sobre 3) da proposta presentada **"Concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila para destinalas a vivendas para residentes no municipio de Parada de Sil (Ourense)",** convocado polo Concello de Parada de Sil.

Baixo o lema:

En Parada de Sil a de de

non poderá figurar referencia que permita identificar aos membros do equipo redactor